

DOCUMENTOS TEMA 22. A GUERRA CIVIL

Os documentos cun asterisco están extraídos de exames da PAU

Doc. 01. O deputado republicano Emilio González López narra nas súas Memorias as vivencias do golpe*:

“Nese tráxico 18 de xullo, acudín ao Congreso dos Deputados, que era un fervedoiro de xentes [...]. As noticias que se ían recibindo, de todas partes da península, mostraban que non se trataba dunha nova sanjurjada, senón dun extenso movemento militar, no que tomaban parte a maior parte das gornicións de España e con elas os elementos de dereitas, sobre todo monárquicos e falanxistas.

Casares Quiroga non sabía como facer fronte a este alzamento, que se propagaba coa rapidez do lume por toda a península. Non soubera tomar [...] ningunha medida eficaz para previlo ou desarticulalo, a pesar de que fora advertido multitude de veces de que se estaba preparando; nin tampouco agora, que xa estalara”.

Doc. 02. Fragmento da Declaración ao país efectuada pola Xunta de Defensa Nacional (1936)*:

“Basta! Fronte ao marxismo, España; fronte á anarquía, a lei, e encher o abismo odioso que separaba os españois cos froitos benfeitores dunha sólida obra de goberno que asente a solidariedade nacional baixo unha autoridade inflexible, que impoña a orde pública, que asegure a paz e propulse as desmaiadas enerxías da economía [...]. Ditas están as causas e insinuados os propósitos deste levantamento nacional, no que o Exército, cerebro, corazón e brazo, enriquece a grandeza da súa acción co sangue popular, que voluntariamente se incorpora ás filas dos salvadores de España”.

Doc. 03. O xeneral republicano Vicente Rojo lembra a guerra desde o seu exilio*:

“A non intervención pesaba como unha laxa sobre a República; e en tanto se creaba ao redor desta unha atmosfera de illamento, nós podiamos recibir informes fidedignos relativos ás armas e equipamento de guerra de todas clases que desembarcaban nos portos do Cantábrico e do Sur [...]. Que terrible delito cometera unha República que defendía a súa Constitución e as súas leis para que fose sometida internacionalmente a unha asfixia material e moral, condenándoa a ver esterilizados os seus esforzos?”

Doc. 04. Dolores Ibarruri, Pasionaria, chama á resistencia no seu discurso do 19 de xullo de 1936:

“Traballadores, antifascistas, pobo laborioso: todos en pé a defender a República, as liberdades populares e as conquistas democráticas do pobo (...). Todo o país vibra de emoción ante eses desalmados que queren polo fogo e o terror sumir á España democrática e popular nun inferno (...). Pero non pasarán; España enteira está en pé de loita (...). ¡Viva a Fronte Popular! ¡Viva a unión de todos os antifascistas! ¡Viva a República do pobo!”.

Doc. 05. Galeazzo Ciano, ministro italiano de Asuntos Exteriores, informa así da situación en España*:

“En España xa se formaron dúas fronteas. Cunha están alemáns e italianos; con outra franceses, belgas e rusos. O Duce está de acordo con Hitler en opinar que a determinación das dúas fronteas é xa un feito consumado. Italia apoiou e segue a apoiar aos españois sen condicións (...). A nosa acción en España é unha proba efectiva da nosa participación na loita antibolxevique”

Doc. 06. Discurso de Largo Caballero, presidente do Goberno e secretario xeral da UGT, outubro de 1936*:

“Primeiro debemos gañar a guerra e despois xa poderemos falar de revolución”.

Doc. 07. Boletín informativo da CNT-FAI, xaneiro de 1937*:

“Que quede ben entendido que non estamos a loitar pola República democrática. Estamos a loitar polo triunfo da revolución proletaria. A revolución e a guerra son inseparables. Todo o que se diga en sentido contrario é contrarrevolución reformista”.

Doc. 08. Postura defendida en Mundo Obrero, órgano de expresión do PCE, marzo de 1937*: “¿De que nos acusan os camaradas da CNT? Segundo eles, afastámonos do camiño do marxismo revolucionario. ¿Por que? Porque defendemos a República democrática (...). Unha República democrática e parlamentaria dun contido social como non existiu endexamaís”.

Doc. 09. O 20 de abril de 1937, Francisco Franco, Xefe do Estado e Xeneralísimo das forzas nacionais, asina o Decreto de Unificación*:

“Art. 1. Falange Española e Requetés, cos seus actuais servizos e elementos, intégranse, baixo a Miña Xefatura, nunha soa entidade política de carácter nacional que, de momento, se denominará Falange Tradicionalista y de las JONS.

Esta organización, intermedia entre a Sociedade e o Estado, ten a misión principal de comunicar ao Estado o alento do pobo e de levar a este o pensamento de aquel a través das virtudes político- morais, de servizo, xerarquía e irmandade (...).

Quedan disoltas as demais organizacións e partidos políticos”.

Doc. 10. Último parte de guerra*:

“No día de hoxe, cativo e desarmado o exército roxo, acadaron as tropas nacionais os seus últimos obxectivos militares. A guerra rematou. Francisco Franco. Burgos, 1-IV-1939. Ano da Vitoria”.

Doc. 11. Alocución radiada do xeneral Franco (18 de xullo de 1936), na que xustifica a rebelión contra e República*:

“A situación de España é cada día máis crítica; a anarquía reina na maioría dos seus campos e vilas; autoridades de sona gobernativa presiden, cando non fomentan, as revoltas; a tiro de pistola e metralladoras dirímense as diferenzas entre os cidadáns (...), sen que os poderes públicos impoñan a paz e a xustiza. Folgas revolucionarias de toda clase paralizan a vida da Nación (...). Os monumentos e tesouros artísticos son obxecto do máis asañado ataque das hordas revolucionarias, obedecendo a consigna que reciben das directivas estranxeiras, coa complicidade e negligencia dos gobernadores (...).

Ao espírito revolucionario e inconsciente das masas, enganadas e explotadas polos axentes soviéticos (...), únese a negligencia de autoridades de todas clases (...).

A Constitución, por todos suspendida e vulnerada, sofre unha eclipse total: nin igualdade ante a lei, nin liberdade (...), nin unidade da patria, ameazada pola esgazadura territorial (...). ¿É que podemos abandonar a España aos inimigos da patria, con proceder covarde e traidor, entregándoa sen loita e sen resistencia? ¡Iso non! Que o fagan os traidores, pero non quen xuramos defendela”.

Doc. 12. O día 2 de agosto de 1936, o presidente das Cortes republicanas, Diego Martínez Barrio, enxuiza así a insurrección militar*:

“Os xenerais e oficiais que se lanzaron en armas fixérono contra o Estado español, representado por un Presidente da República, nomeado legalmente, e coa asistencia e aínda co voto de deputados de todos os partidos; por unha Cámara lexítima elixida sen tacha, durante o mando dun goberno adversario, duns partidos que resultaron triunfantes nas eleccións, e por un poder executivo constitucionalmente designado (...).

Certo é que o Estado e os seus poderes lexítimos atópanse asistidos co máis desinteresado dos concursos das clases obreiras, representadas polos seus sindicatos e partidos. Así, o Socialista como o Comunista, así a CNT como a UGT, así a Federación de Grupos Libertarios como o Partido Sindicalista (...). Pero detrás do Estado atópanse tamén en liña de combate os partidos republicanos que contribuíron á instauración do réxime en abril de 1931 (...), as clases comerciais, industriais e agrícolas do país (...), o pobo español (...).

Toda rebelión descansa sobre un suposto de falsidade: o de aparentar crer que a gobernación do país está secuestrada por poderes ilexítimos e que o triunfo do Estado se traduciría na implantación dun réxime político comunista (...).

¿Por que o fixeron? ¿Por que o fixeron? Simplemente se trata de substituír a vontade xeral do pobo enteiro pola dunha clase social desexosa de perpetuar os seus privilexios. Nin amor a España, nin desacougo polo corpo da Patria, nin temores polo seu desmembramento, nin desasosego polo desenvolvemento da súa economía (...).”

Doc. 13. Bando do estado de guerra

Unha vez máis o exército, unido ás demais forzas da nación, viuse obrigado a recoller o anhelo da gran maioría dos españois que vían con amargura infinita desaparecer o que a todos pode unirnos nun ideal común: ESPAÑA. Trátase de restablecer o imperio da ORDE [...]. O que voluntariamente se negue a cooperar ou dificulte a consecución destes fins será o que primeiro e principalmente sufrirá as consecuencias. Para levar a cabo o labor anunciado. ORDENO E MANDO:

Art. 1º. Queda declarado o ESTADO DE GUERRA en todo o territorio de MARROCOS [...] Art. 14º. Ante o ben supremo da Patria, quedan en suspenso todas as garantías individuais.

Francisco FRANCO. **Bando**. Melilla, 19-7-1936 [castelán]

Doc. 14. Legalidade fronte a rebelión

Por que o fixeron? Para que o fixeron? [...] Trátase simplemente de substituír a vontade xeral do pobo enteiro pola dunha clase social desexosa de perpetuar os seus privilexios. Nin amor a España, nin inquietude polo corpo da patria, nin temores pola súa desmembración, nin inquietude polo desenvolvemento da economía. Nada do que se dixó é a verdadeira orixe da revolta. Disfrázanse con frases sonoras os propósitos para encubrir a turbia e inconfundible realidade. Esta non é outra, nos xefes e oficiais sublevados que o desexo de volver, pola violencia, ao réxime caído [...].

Caeu a ditadura militar de Primo de Rivera pola súa incapacidade. Caeu a monarquía polos seus erros cotiás e os seus vicios seculares [...]. Por que entón esta tremenda loucura de querer resucitala? Que servizo nacional se prestaba con isto? Ah! Eses xenerais, xefes e oficiais que empuñaron as espadas contra o pobo que llas deu desentendéronse unha vez máis das leccións da Historia, e abrindo esta longa noite sanguenta que padece España, van recibir a lección, pola súa mala aventura, de que non se pode atacar violentamente aos réximes políticos cando están confiados pola alma popular. Porque os españois somos unha democracia legalmente organizada, cunha orixe de lexitimidade incuestionable ^...*.

Españois, cidadáns de toda condición e clase, milicias abnegadas de traballadores, soldados da República fieis á vosa promesa, deputados da Cámara, lexitimos representantes da nación: renovade o esforzo e facede o último para vencer. Necesíao a República; esíxeo España; espérao ansioso a humanidade.

Diego MARTÍNEZ BARRIO. **Alocución radiada**. 2-8-1936 [castelán]

Doc. 15. A Cruzada

Os comunistas e anarquistas son os fillos de Caín, fratricidas dos seus irmáns [...] e non podendo acabar con Deus nin con Cristo sacian o seu odio nas súas imaxes, nos seus templos e nos seus ministros [...]. Como ante o perigo comunistas en España, cando non se trata dunha guerra por cuestións dinásticas, nin formas de goberno, senón dunha cruzada contra o comunismo para salvar a relixión, a patria e a familia, non entregaremos os bispos os nosos pectorais e bendicir aos novos cruzados do século XX e as súas gloriosas insignias, que son, por outra parte, a gloriosa bandeira tradicional de España?

Enrique PLÁ I DENIEL. **As dúas cidades. Carta pastoral aos diocesanos de Salamanca**. 30-9-1936 [castelán]

O 18 de xullo do ano pasado realizouse o Alzamento militar e estoupou a guerra, que aínda dura. Pero nótese, primeiro, que a sublevación militar non se produciu, xa desde os seus comezos, sen colaboración co pobo san, que se incorporou en grandes masas ao movemento que, por isto, debe cualificarse de cívico-militar; e, segundo, que este movemento e a revolución comunista son dous feitos que non poden separarse, se se quere xulgar debidamente a natureza inicial da guerra. [...] Afirmamos que o levantamento cívico-militar tivo no fondo da conciencia popular un dobre arraigo: o do sentimento patriótico, que veu nel a única maneira de levantar a España e evitar a súa ruína definitiva; e o sentido relixioso, que o considerou como a forza que debía reducir á impotencia aos inimigos de Deus, e como a garantía da continuidade da súa fe e da práctica da súa relixión.

Carta colectiva do Episcopado español aos bispos de todo o mundo explicando as razóns do Alzamento e a finalidade da guerra. 1-7-1937 [castelán]

Doc. 16. Franco pide axuda a Alemaña

Xeneral Franco e tenente coronel Beigbeder manda saúdos ao seu amigo Kühnental, informan do novo Goberno nacional español e solicitan que manden dez avións de transporte de tropas coa máxima capacidade de asentos a través de sociedades privadas alemás. Traslado por aire con tripulación alemá a calquera aeroporto de Marrocos español. O contrato asinarase despois. Moi urxente. Baixo palabra do xeneral Franco e España.

Juan Luís BEIGBEDER [Tenente Coronel, Delegado de Asuntos Indíxenas no Protectorado de Marrocos]. **Telegrama ao xeneral Kühnental** [agregado militar da embaixada alemá en París]. 22-7-1936 [alemán]

Doc. 17. A non intervención

Señor embaixador: As negociacións levadas a termo entre o Goberno da República francesa e o Goberno da Súa Maxestade do Reino Unido permitiron comprobar o seu acordo común sobre a actitude que debe ser observada respecto á situación de España. [...]

O Goberno da República francesa, lamentando os tráxicos acontecementos de que é teatro España; decidido a absterse rigorosamente de calquera inxerencia directa ou indirecta nos asuntos internos dese país [...] declara o seguinte:

1. O Goberno francés prohibe [...] a exportación directa ou indirecta con destino a España, de todas as armas, municións e material de guerra. [...]
3. O Goberno francés terá informados aos outros gobernos participantes neste acordo de todas as medidas que tome para facer efectiva a presente declaración.

O Goberno francés, no que lle atinxe, porá en execución esta declaración en canto se adhiran a ela os Gobernos británico, alemán, italiano, soviético e portugués.

Yvon DELBOS [ministro de Asuntos Exteriores francés]. **Nota ao embaixador de Gran Bretaña relativa á situación de España. 15-8-1936 [francés]**